



*Aquí,  
somos os primeiros  
en cumplir a*




*É de Xustiza.*

**EN GALEGO**



*É de Xustiza*



*Aquí,  
somos os primeiros  
en cumplir a*



Toda convivencia libre e democrática se asenta sobre un Estado de Dereito e este non se pode concibir sen o recto funcionamento dunha Administración de Xustiza eficaz e independente.

As máis das veces, o noso esforzo persoal non abonda para supli-la carencia de medios en que nos movemos, de aí que a Xustiza aínda non responda, na medida en que sería de desexar, á tarefa que todos nós, e a sociedade no seu conxunto, demandamos desta Administración.

Esta colisión entre o ideal e o real non só non provoca o abandono das nosas funcións, senón que nos leva a aporta-la nosa pequena contribución para conseguir, entre todos, que a Xustiza sexa ese servicio público e entroncado no pobo que desexamos.

A preocupación pola eficacia e a independencia da Administración de Xustiza, pode levarnos a deixar nun segundo plano algo tan fundamental como son os sinais de identidade do noso pobo.

Vivimos nun país cunha lingua propia que, malia o asoballamento secular do que foi obxecto, segue falando ou entendendo un 93% da súa poboación.

Unha Administración de Xustiza democrática e ó servizo dos cidadáns non pode permanecer de costas a esta realidade, máxime tendo en conta que, como sinalaba un prestixioso xurista, no mundo do Dereito a lingua, as palabras, son as nosas ferramentas, a nosa materia prima por excelencia.

A lexislación vixente na nosa Comunidade reflecta que a unha porcentaxe moi ampla da poboación lle resulta moito más difícil establecer a comunicación en castelán que na súa propia lingua. Por iso fai recoñecemento expreso do galego como lingua propia de Galicia.

Agora ben, o recoñecemento legal, sendo importante para a dignificación do galego, non é suficiente para que se convierta na lingua normal de comunicación na Xustiza. Para avanzar nesta liña, é necesario compaxina-la actuación das institucións co compromiso individual.

É aquí onde o máis sinxelo semella o máis difícil. A infraestima cultural colectiva e individual, xerada por tantos anos de marxinación do galego nas instancias oficiais; o feito de que moitos de nós non fósemos alfabetizados na nosa lingua... constitúen algúns dos obstáculos a superar.

Tendo en conta todas estas consideracións, á hora de face-la campaña fixámonos como obxectivo suscita-lo compromiso individual co galego mediante actuacións progresivas, aparentemente insignificantes, pero de grande transcendencia.

Non fai falla ocupar ningún posto de relevancia nin ter, nun primeiro momento, un alto nivel de competencia lingüística para manter actitudes positivas á normalización do galego e, xa que logo, á democratización e entroncamento no pobo da Xustiza.

Cada vez que respectémo-la forma correcta dos topónimos, que nos dirixamos ó público en galego e manteñámolo idioma no que se exprese, que informemos sobre os dereitos lingüísticos dos cidadáns, que demandemos da Administración cursos, formularios, etc. para poder desenvolve-lo noso traballo na nosa lingua... estaremos facendo realidade que

**AQUÍ SOMOS OS PRIMEIROS  
EN CUMPRIR A LEI DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA.**

Porque

**É de Xustiza.**